



| Guía Docente          |   |                    |                         |          |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                         | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Literatura, Cultura e Sociedade   | Código             | 613584103               |          |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)   |                    |                         |          |
| Descritores           |   |                    |                         |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                    | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Obrigatoria             | 3        |
| Idioma                | CastelánGalegoPortugués   |                    |                         |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                         |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                         |          |
| Departamento          | Letras  |                    |                         |          |
| Coordinación          | Samartin López-Iglesias, Roberto  | Correo electrónico | roberto.samartin@udc.es |          |
| Profesorado           | Samartin López-Iglesias, Roberto  | Correo electrónico | roberto.samartin@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                         |          |
| Descrición xeral      | Aproximación das relacións entre literatura, cultura e sociedade, prestando especial atención ás escolas teórico-críticas que parten de postulados sociolóxicos, sistémicos e/ou de base marxista |                    |                         |          |



|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Sen modificacións nos contidos previstos no guía docente</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br/>Mantéñense as Lecturas e os Traballos Tutorizados.</p> <p>**Metodoloxías docentes que se modifican<br/>Fican sen efecto a Sesión Maxistral, a Discusión Dirixida, as Prácticas através de TIC, o Glosario e o Seminario. A porcentaxe atribuída agora a esta última metodoloxía na avaliación será atribuída ao Traballo Tutorizado (75%)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Toda a información e a documentación relativa ao seminario está accesíbel no Campus Virtual da materia.<br/>Teams, en horarios e formato (síncrono ou asíncrono) acordados co alumnado.<br/>Correo electrónico a demanda do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>As tres metodoloxías de avaliación previstas (Leituras, Traballo Tutorizado e Seminario) serán substituídas, caso necesario, pola realización de 5 leituras e os traballos tutorizados correspondentes a cada unha delas. As 3 primeiras leituras serán seleccionadas dos tres blocos en que está organizada a materia (a razón de unha lectura por cada bloco) e as dúas restantes serán propostas polo/a estudante ou escollidas da bibliografía complementar que acompaña a planificación da materia.<br/>De cada unha desas leituras cada estudante elaborará un Resumo contendo os obxectivos perseguidos, os métodos utilizados e as conclusións ou hipóteses atinxidas en cada texto; un Esquema que conteña a estrutura e as principais ideas presentes en cada artigo; un Glosario cos principais conceptos relativos ao artigo/asunto en foco; seleccionará tres Fragmentos considerados de especial relevancia para o entendimento dos contidos totais ou parciais do texto; por último, cada persoa responderá nunha extensión máxima de unha páxina a pregunta: En que reside o interese do texto e cal é a súa utilidade formativa no ámbito do Mestrado?<br/>O Resumo, Esquema, Glosario, Fragmentos e Resposta ás cuestións referidas serán entregues, en formato pdf devidamente identificado através dunha tarefa habilitada aos efectos no Campus Virtual da materia na data acordada co docente.<br/>*Observacións de avaliación: As persoas matriculadas realizarán aqueles traballos tutorizados (5 valores) e aquelas leituras (5 valores) que lle foren encomendados de acordo co previsto nesta addenda. As actividades contempladas neste apartado do guía da materia serán realizadas de modo non presencial e (a)síncrono. O alumnado con dificultades para o acompañamento da materia durante a vixencia deste plano de continxencia quer por motivos técnicos ou materiais (de conexión a internet, de acceso a computadores, etc.), quer por necesidades ou limitacións persoais de calquera tipo (coidados, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos, etc.) deberá contactar co profesor no menor tempo posíbel a fin de seren arbitradas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias para a atención de cada caso particular. As restantes observacións feitas á avaliación no guía docente da materia continúan en vigor.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:<br/>Son disponibilizados no Campus Virtual todos os materiais bibliográficos necesarios para o acompañamento da materia.</p> |
|-----------------------------|---|

| Competencias do título |   |
|------------------------|---|
| Código                 | Competencias do título  |
| A1                     | Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural |
| A2                     | Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICs, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural       |
| A4                     | Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos   |
| A5                     | Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación  |



|     |   |
|-----|---|
| A6  | Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués  |
| A7  | Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes  |
| A9  | Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos   |
| A10 | Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos  |
| A14 | Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais   |
| B4  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida   |
| B5  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| B6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse   |
| B7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe  |
| B8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade  |
| B10 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |
| B11 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras   |
| C1  | Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva  |
| C2  | Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos  |
| C4  | Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade  |
| C5  | Integrar coñecementos de campos de estudos diversos   |
| C6  | Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares  |
| C7  | Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador   |
| C9  | Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación   |

| Resultados da aprendizaxe   |                        |                   |            |
|---|------------------------|-------------------|------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias do título |                   |            |
| Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes  | AM7                    |                   |            |
| Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural, en especial nos ámbitos hispánico e galego-portugués.  | AM1<br>AM6             |                   | CM2<br>CM4 |
| Entender a literatura en relación con outros campos culturais e utilizar ferramentas e tecnoloxías apropiadas para o seu estudo   | AM2<br>AI3             | BP1<br>BP3<br>BP5 | CM5        |
| Analizar e interpretar tanto textos como mecanismos e procesos de comunicación aplicando diferentes modelos teóricos.   | AM5<br>AP1             |                   |            |
| Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.  | AM4<br>AM9             |                   |            |
| Asumir a importancia e os beneficios sociais da aprendizaxe, e coñecer os medios para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |                        | BP2<br>BP4<br>BP8 |            |
| Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas en entornos novos de forma efectiva, aplicando os coñecementos e habilidades desenvolvidos en contextos interdisciplinares.  |                        |                   | CM1<br>CM6 |
| Desenvolver habilidades de xestión da información, de capacidade de síntese, análise e pensamento crítico relacionadas cos propósitos académicos e o desenvolvemento e a creación dun perfil investigador   |                        |                   | C11<br>C13 |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |                        | BP7               |            |

| Contidos |          |
|----------|----------|
| Temas    | Subtemas |



|  |  |
|--|--|
| 1. Da Literatura para a Cultura                    | 1.1. Cuestións xerais, históricas e metodolóxicas<br>1.2. Procesos de canonización e construción do coñecemento  |
| 2. Teorías sistémicas e sociolóxicas               | 2.1. Os sistemas culturais (Itamar Even-Zohar)<br>2.2. Os campos culturais (Pierre Bourdieu)<br>2.3. O materialismo cultural (Raymond Williams)<br>2.4. As teorías empíricas de base sociolóxica para a análise da cultura |
| 3. Métodos e ferramentas para a análise da cultura | 3.1. Análises cuantitativas e cualitativas de base empírica: Bases de datos<br>3.2. Métodos de análise e representación: Análise de Redes Sociais<br>3.3. Técnicas automáticas de clasificación semántica: Textometría     |
| 4. Planificación cultural e mudanza social         | 4.1. Obxectivos e resultados dos estudos na cultura<br>4.2. Aplicacións socioeconómicas e profesionais: Estudos de caso  |

| Planificación             |                             |                   |   |              |
|---------------------------|-----------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas     | Competencias                | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral          | A1 A4 A6 A7 B6 B11<br>C4 C5 | 5                 | 0   | 5            |
| Discusión dirixida        | A5 A2 B5 C6                 | 5                 | 2   | 7            |
| Traballos tutelados       | A14 A9 B4 B7 B8 C1<br>C2    | 4                 | 15  | 19           |
| Lecturas                  | A10 C7                      | 1                 | 20  | 21           |
| Prácticas a través de TIC | A2                          | 1                 | 1   | 2            |
| Glosario                  | A7 A9 C5                    | 2                 | 2   | 4            |
| Seminario                 | B10 C9                      | 5                 | 11  | 16           |
| Atención personalizada    |                             | 1                 | 0   | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías              |   |
|---------------------------|---|
| Metodoloxías              | Descrición  |
| Sesión maxistral          | Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.  |
| Discusión dirixida        | Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.  |
| Traballos tutelados       | Realización de abordaxens concretas relacionadas cos asuntos abordados na materia. Estes traballos poderán ser realizados de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio das sesións).   |
| Lecturas                  | Realización dunha serie de lecturas breves (artigos ou capítulos de libro) previamente seleccionadas polo docente e relacionadas directamente cos contidos abordados na materia.  |
| Prácticas a través de TIC | Aplicación e teste das TIC aos estudos na cultura.  |
| Glosario                  | Apresentación e discusión colaborativa de conceptos fundamentais para o entendimento das varias ferramentas teórico-metodolóxicas focadas na materia.   |
| Seminario                 | Traballo en grupo a partir da exposición oral ao conxunto da turma das lecturas atribuídas polo profesor no inicio das sesións ou, eventualmente, dos resultados dalgún dos traballos tutorizados. Durante os seminarios, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos e metodolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contelúdos, destrezas e competencias abordados na materia. |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |



|  |   |
|--|---|
| Traballos tutelados<br>Lecturas<br>Seminario | <p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do(s) Traballo(s) Tutorizado(s), das Lecturas e dos seminarios. De maneira xeral, recoméndase que cada alumno/a asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición das lecturas atribuídas.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está especialmente contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro.</p> |
|--|---|

| Avaliación          |                          |   |               |
|---------------------|--------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias             | Descrición  | Cualificación |
| Traballos tutelados | A14 A9 B4 B7 B8 C1<br>C2 | Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados na materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para estas actividades.                                      | 60            |
| Lecturas            | A10 C7                   | Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no transcurso das outras presentacións, nos seminarios e nas discusións dirixidas.  | 25            |
| Seminario           | B10 C9                   | Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio dos contidos apresentados e comentados, así como a utilidade da discusión para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas intervencións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a eventual elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos. | 15            |

#### Observacións avaliación



A avaliación da materia será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os elementos referidos no lugar correspondente deste guía mais tamén, de xeito transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?). No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que constan no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado no Campus Virtual).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin , ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no documento coa planificación da materia que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación.

O estudantado a tempo parcial ou con dispensa académica realizará e entregará nunha data concertada previamente co docente aquelas leituras e traballos tutorizados indicados polo profesor. O estudantado nestas circunstancias deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Para aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas será de aplicación o dito neste punto, debendo tamén contactar co profesor da materia o antes posíbel.

O alumnado que se apresenter á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel pola materia e, para a superar, terá de realizar aqueles traballos tutelados (5 valores) e aquelas leituras (5 valores) que lle foren encomendados.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel a través do Campus Virtual e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo . Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s estudantes deberán realizar satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior xuntamente con aqueles outros traballos que foren agora solicitados.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non apresente ningunha das actividades previstas neste guía.

Fontes de información



## Bibliografía básica

- Bourdieu, Pierre (1991). ?Le champ littéraire. Avant propos?. ctes de la Recherche en sciences sociales, nº 89, pp. 3-46
  - Bourdieu, Pierre (1992). Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire. Paris: Éditions du Seuil
  - Bourdieu, Pierre (1985). La distinction: critique sociale du jugement. Paris: Éditions de Minuit
  - Casas, Arturo (2002). ?A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (para ler González-Millán)?. Anuario de estudos literarios galegos, 29-38
  - Casas, Arturo (2007). ?Xoán González-Millán: itinerarios teóricos?. Helena González Fernández & María Xesús Lama (eds.), Actas do VII Congreso Internacional de
  - Castells, Miguel (2003). La era de la información. El poder de la Identidad. Madrid: Alianza Editorial
  - Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
  - Figueroa, A. & González-Millán, X. (1997). Communication littéraire et culture en Galice. Paris: L'Harmattan
  - Fowler, B. (1997). Pierre Bourdieu and Cultural Theory. Critical Investigation. London: Sage
  - González-Millán, X. (2000). Resistencia cultural e diferenza histórica: a experiencia da subalternidade. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
  - Even-Zohar, Itamar (2007). Polisistemas de cultura. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
  - Even-Zohar, Itamar (2010). Papers in Culture Research. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
  - Lamont, M. & Fournier, M. (1992). Cultivating Differences. Symbolic Boundaries and the Making of Inequality. Chicago and London: The University of Chicago Press
  - Lourido Hermida, Isaac (2011). As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvementos teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense. Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, Universidade de Santi
  - Nooy, W. de (2005). ?Culture in networks?. The Collection and Analysis of Network Data. Summer School of the Quantitative Methods, the Social S
  - Pageaux, D. H. (2007). Littératures et Cultures en dialogue. Paris: L'Harmattan
  - Rees, C. van (1983). ?Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach?. Poetics 12, 285-310
  - Samartim, Roberto L.I. (2010). O proceso de construción do sistema literario galego entre o franquismo e a transición (1974-1978): margens, relacións, estrutura e estratexias de planificación cultural. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
  - Sapiro, G. (2007). ?Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie?. CONTEXTES 2 (acesíbel en <http://contextes.revues.org/index165.html>)
  - Sela-Sheffy, R. (2002). ?Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?. Neohelicon XXIX(2), 141-159
  - Tarrío Varela, Anxo e Abuín González, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
  - Thiesse, A. (1999). La Création des identités nationales: Europe XVIIIe XXe siècle. Paris: Éditions du Seuil
  - Torres Feijó, Elías J. (2004). ?Roma locuta causa finita? Sobre docencia e crítica da literatura e da cultura?. Aurora Marco et al. (eds.), Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica
  - Lotman, Iuri M. (1996). La Semiosfera. [vol.I : Semiótica de la cultura y del texto -- Vol. II : Semiótica de la cultura, del texto, de la conducta y del espacio -- Vol. III : Semiótica de las artes y de la cultura]. Madrid: Cátedra
  - Williams, Raymond (1994). Sociología de la Cultura. Barcelona: Paidós Ibérica
  - Williams, Raymond (1997). Marxismo y literatura. Barcelona: Ediciones Península
- Otras referencias bibliográficas relativas á materia podrán constar no documento de planificación do seminario ou directamente ser disponibilizadas através do Campus Virtual.



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Anderson, B. (1983). Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism. London: Verso</li><li>- Bassel, N. (1991). ?National Literature and Interliterary System?. Poetics Today 12(4), 773-780</li><li>- Bertalanffy, L. von (1993). Teoría general de los sistemas: fundamentos, desarrollo, aplicaciones. Madrid: Fondo de Cultura Económica</li><li>- Dias, Ângela Maria (org.) (1999). A Missão e o Grande Show. Políticas culturais no Brasil dos anos 60 e depois. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro</li><li>- Gramsci, Antonio (2001). Cadernos do Cárcere. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira</li><li>- Hohendahl, P. H. (1989). Building a National Literature. The Case of Germany, 1830-1870. Cornell University Press: Ithaca and London</li><li>- Jusdanis, G. (1991). Belated modernity and aesthetic culture: inventing national literature. Minneapolis: University of Minnesota Press</li><li>- Kiberd, D. (1995). Inventing Ireland. Jonathan Cape: London</li><li>- Lemieux, V. &amp; Ouimet, M. (2004). L'analyse structurale des réseaux sociaux. Laval (Quebec): Les Presses de l'Université de Laval</li><li>- Mc Crone, David (et al) (1995). Scotland ? the Brand: The making of Scottish Heritage. Edinburgh: Edinburgh University Press</li><li>- Moretti, F. (2005). Graphs, Maps, Trees: Abstract Models for a Literary History. London: Verso</li><li>- Pécaut, Daniel (1990). Os intelectuais e a política no Brasil: entre o povo e a nação. São Paulo: Ática</li><li>- Rodríguez, J. A. (2005). ?Análisis estructural y de Redes?. Cuadernos Metodológicos 16</li><li>- Samartim, Roberto L.I. (2003). ?A Pré-história do Campo Literário?. A Dona do Tempo Antigo. Mulher e campo literário no Renascimento português (1495-1557), Santiago de</li><li>- Santos, Monserrat Iglesias (ed.) (1999). Teoría de los Polisistemas. Madrid: Arco/Libros</li><li>- Sela-Sheffy, R. (1990). ?The Concept of Canonicity in Polysystem Theory?. Poetics Today 11(3), 511-522</li><li>- Sela-Sheffy, R. (1997). ?Models and Habituses as Hypotheses in Culture Analysis?. Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée XXIV(1), 35-47</li><li>- Sullà, E. (ed.) (1998). El Canon Literario. Madrid: Arco/Libros</li><li>- Taibo, Carlos (ed.) (2007). Nacionalismo español: esencias, memoria e instituciones. Madrid: Los Libros de la Catarata</li><li>- Tato Fontaiña, Laura; Tavares Maleval, M. do Amparo (eds.) (2010). Estudos galego brasileiros 3: lingua, literatura, identidade. Rio de Janeiro / Coruña: UERJ / Universidade da Coruña</li><li>- Torres Feijó, E. J. (2004). ?Potencialidades na indústria de ideias na Galiza actual para o relacionamento galego-luso-afro-brasileiro?. [Actas do] VIII Congresso Luso Afro Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra: Centro de Estudos Socia</li><li>- Velázquez Álvarez, A. &amp; Aguilar Gallegos, N. (2005). Manual Introductorio al Análisis de Redes Sociales. Medidas de Centralidad. Ejemplos prácticos con UCINET 6.85 y NETDRAW 1.48. Universidad Bolivariana de Chile: Santiago de Chile</li></ul> |
|------------------------------------|---|

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Para poder acompañar correctamente o seminario será preciso ter o nivel suficiente (recoméndase un mínimo equivalente ao nivel B2 do Cadro Europeu) de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, nas linguas de uso na materia. Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento do seminario serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.





(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías